

## **Asociación Cultural Donaire**

Rúa Juan de la Cierva, nº7. C.P. 15008, A Coruña.

CIF: G15.767.718

Nº de rexistro: 2000/005476/1

677644339 | info@acdonaire.com | www.acdonaire.com



Dende a Asociación Cultural Donaire gustaríanos comentar a persoas asociadas e alumnos/as a información que se detalla a continuación:

O teléfono de Donaire é **677644339** e o enderezo electrónico é **info@acdonaire.com**.

Pregámosvos que ante calquera consulta acudades a estas vías, especialmente á electrónica, onde respostaremos o antes posible. Rogámosvos que non chamedes ao teléfono particular dos/as profesores/as, xa que non son teléfonos laborais. Calquera dúbida que lle teñades que consultar ao profesorado, por favor, facédeo por correo electrónico ou nas clases.

**As tarifas da Asociación son as seguintes:**

**Matrícula** (pago único no momento da inscrición): 10€

**Cota de socio/a** (pago anual, con cobro no mes de febreiro): 20€

**Cota de actividades** (pago mensual):

<b>Actividade</b>	<b>Prezo único</b>	<b>Prezo múltiple*</b>
Baile, pandeireta, gaita, pandeiro	10€	9€
Percusión	5€	4,50€
Acordeón	26€	23€

*\*Alumno/a apuntado/a a máis dunha actividade, ou se máis dun membro da unidade familiar é alumno/a.*

**Matrícula e inscrición:** Para inscribirse por primeira vez, deberase ingresar o importe correspondente á matrícula e ao primeiro mes da/s actividade/s no número de conta con IBAN ES59 2100 6359 5102 0006 0114 (Caixabank) enviando o xustificante por enderezo electrónico á conta da Asociación: info@acdonaire.com xunto á ficha de inscrición.

A alta no novo curso está aberta durante todo o mes de setembro. Dende o comezo de outubro, as altas efectuaranse entre o día 20 e o remate do mes anterior ao comezo da/s actividade/s. Neste caso, notificaremos por correo electrónico a data e lugar do primeiro ensaio.

As actividades desenvólvense de outubro a agosto (ambos incluídos), cun mes de descanso (setembro) no que non se cobran as cotas. Se desexades darvos de baixa dalgunha actividade, con carácter definitivo ou temporal, deberedes comunicalo no mes anterior á baixa mediante o formulario sito na páxina web: www.acdonaire.com > Socios > Modificación de actividades. A baixa nas actividades non implica a baixa coma socio/a, salvo que se solicite expresamente.

Tamén nos gustaría sinalar que cando a escola vaia actuar é probable que non poidamos responder ao teléfono, é posible que membros da Directiva esteamos tamén actuando. Pedímosvos que faledes con outros familiares para coñecer certa información.

Moitas grazas e un saúdo,

A Directiva.